

MANIFESTO POLA COOPERACIÓN

En Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2011

REUNIDOS

***José Manuel Rey Varela**, candidato do PP á alcaldía de Ferrol*

***Jaime Castiñeira Broz**, candidato do PP á alcaldía de Lugo*

***Telmo Martín González**, candidato do PP á alcaldía de Pontevedra*

***Gerardo Conde Roa**, candidato do PP á alcaldía de Santiago de Compostela*

***Rosendo Fernández Fernández**, candidato do PP á alcaldía de Ourense*

***Carlos Negreira Souto**, candidato do PP á alcaldía da Coruña*

***Corina Porro Martínez**, candidata do PP á alcaldía de Vigo*

EXPOÑEMOS

*Diante da mala situación política e económica á que teñen chegado as sete grandes cidades galegas na última lexislatura, os sete candidatos do PP somos conscientes de que **Galicia quiere** un cambio a prol dunhas cidades coordinadas, que sumen e fagan máis con menos, con gobernos austeros, eficientes e transparentes, comprometidos coa rexeneración democrática e co avance de toda a Comunidade.*

*Por iso, os sete alcaldables do Partido Popular apostamos por unha **Galicia única**, na que as cidades avancen superando localismos a prol da recuperación económica e coas necesidades e demandas dos cidadáns como eixo reitor e prioritario das políticas dos Gobernos municipais.*

*Con este obxectivo, os vindeiros alcaldes das sete grandes cidades asinamos este manifesto, un auténtico compromiso cos cidadáns e coa Galicia que os galegos e as galegas queren. Así, **MANIFESTAMOS** que:*

- 1. As cidades galegas deben estar coordinadas e **cooperar** para poder prestar mellores servizos aos cidadáns. Reiteramos nesa liña a nosa aposta polo asociacionismo municipal e pola colaboración entre concellos como a mellor fórmula para gañar en eficacia e eficiencia nas administracións locais galegas.*
- 2. Os concellos deben manter a súa independencia e a súa autonomía local, pero non poden ser illotes en confrontación co resto das administracións. Os alcaldes do PP imos **reforzar o diálogo institucional** co resto de administracións, evitando duplicidades, sumando esforzos e xerando sinerxías a prol dos cidadáns.*

3. *Cómpre **superar os localismos** aos que na última lexislatura nos teñen acostumbrados os executivos locais e traballar unidos a prol dunha **Galicia única e unida**. Os candidatos do PP comprometémonos coa coordinación e con políticas comúns en materias como universidades ou infraestruturas, con beneficios para todos e cada un dos grandes concellos de forma individual e para todos os galegos de xeito colectivo.*

4. *É necesario **facér máis con menos** e así imos poñer en marcha tras o 22 de maio gobernos austeros e eficientes, que prioricen a loita contra a crise e contra o paro, comprometidos co gasto social e os servizos públicos, que eviten os gastos superfluos que teñen proliferado nesta última lexislatura.*

5. *Os principios de **rigor orzamentario e bo goberno** deben rexer a actuación de todo executivo e os concellos non poden ser unha excepción. É preciso vivir apegados á realidade e o noso compromiso pasa polo equilibrio orzamentario e o axuste dos gastos e ingresos, como a mellor garantía de solvencia económica.*

6. *A **transparencia e a honestidade** son dous dos piares nos que se asenta a nosa democracia e dende as alcaldías garantiremos a aplicación destes dous principios nas cidades galegas, tal e como sucede na Xunta de Galicia, que é o goberno máis transparente de España, segundo os últimos estudos independentes, que deixan ás sete grandes cidades galegas fóra dos vinte concellos máis transparentes do noso país.*

7. Hai que **respectar a vontade dos cidadáns** e iso pasa por que o Goberno dos nosos concellos sexa para a formación que logre a maioría, comprometéndonos pois a facilitar a investidura do candidato da lista máis votada.

Por Ferrol, José Manuel Rey

Por Lugo, Jaime Castiñeira

Por Pontevedra, Telmo Martín

Por Santiago, Gerardo Conde Roa

Por Ourense, Rosendo Fernández

Pola Coruña, Carlos Negreira

Por Vigo, Corina Porro